CIDADE DE SANTIAGO

IV CONCURSO DO NADAL DE BELENES

DECEMBRO DE 2014



CIDADE DE SANTIAGO

IV CONCURSO DO NADAL DE BELENES

PRIMEIRA. Obxecto. Con obxecto de promocionar as manifestacións de arraigamento e tradición popular típicas das celebracións do Nadal, o Excelentísimo Concello de Santiago de Compostela convoca o IV Concurso de belenes Cidade de Santiago.

SEGUNDA. Categorías de participación. Defínense dúas categorías de participación: individual e colectiva.

TERCEIRA. Participantes. Poderá participar e inscribirse na categoría individual calquera particular (enténdase, persoa física) que figure inscrito no padrón municipal. Paralelamente, poderán participar e inscribirse na categoría colectiva os colexios e todo tipo de asociacións, institucións e entidades cidadás legalmente constituídas.

CUARTA. Inscrición. A inscrición realizarase mediante o envío dun correo electrónico ao seguinte enderezo concursobeleneseambientacion@gmail.com no que se farán constar os seguintes datos: nome, apelidos, enderezo postal, enderezo de correo electrónico, teléfono de contacto, NIF (no caso de particulares) /CIF (no caso de colectivos), categoría de participación e enderezo postal no que se situará o belén. Como arquivo adxunto, achegaranse as fotografías ou vídeos do belén presentado a concurso ou link para proceder a súa descarga.

QUINTA. Prazo de inscrición. A data tope de inscrición é o 12 de decembro de 2014.

DECEMBRO DE 2014

SEXTA. Condición de exposición. As fotografias ou vídeos dos belenes participantes subiranse a facebook (Facebook.com/Nadalamos) a partires do día 15 de decembro. Ata o 21 decembro toda persoa poderá votar o belén que máis lle guste.

SÉTIMA: O período de votación será polo tanto entre o 15 e o 21 decembro e resultarán gañadores os belenes que obteñan máis "Me gusta", determinando así o 1º, 2º ou 3º premio en cada unha das categorias.

OITAVA: O resultado do concurso farase público o día 22 de decembro na páxina web municipal. Terá lugar ademais unha recepción no Pazo de Raxoi en homenaxe aos premiados onde se lles fará entrega da figura "Compostrela".

NOVENA. Premios. Establécese un primeiro, segundo e tercer premio para cada unha das dúas categorías propostas (a saber: categoría individual e colectiva). Os premios consistirán nunha mención, especialmente deseñada para os distintos premios co nome de "Compostrela" e vales agasallo de compras por valor de 150 euros, 120 euros e 60 euros respectivamente segundo se trate do 1º, 2º ou 3º premio.

DÉCIMA: O Concello exporá na web municipal unha representación dos belenes participantes.

CIDADE DE SANTIAGO

IV CONCURSO DO NADAL DE BELENES

DECEMBRO DE 2014



CIDADE DE SANTIAGO

IV CONCURSO DO NADAL DE AMBIENTACIÓN

DECEMBRO DE 2014



CIDADE DE SANTIAGO

IV CONCURSO DO NADAL DE AMBIENTACIÓN

PRIMEIRA. Obxecto. Con obxecto de promocionar as manifestacións de arraigamento e tradición popular típicas das celebracións do Nadal, o Excelentísimo Concello de Santiago de Compostela convoca o III Concurso de ambientación navideña Cidade de Santiago.

SEGUNDA. Categorías de Participación. Defínense dúas categorías de participación: comercio e hostalería.

TERCEIRA. Participantes. Poderán participar e inscribirse calquera establecemento comercial e de hostalería local legalmente constituído.

CUARTA. Inscrición. A inscrición realizarase mediante o envío dun correo electrónico ao seguinte enderezo concursobeleneseambientacion@gmail.com, no que se farán constar os seguintes datos: nome comercial, enderezo postal, enderezo de correo electrónico, teléfono de contacto, NIF (no caso de autónomos) /CIF (no caso de empresas), e enderezo postal do establecemento a ambientar. Como arquivo adxunto, achegaranse as fotografías ou vídeo do establecemento presentado a concurso ou link para proceder a súa descarga.

QUINTA. Prazo de inscrición. A data tope de inscrición é o 12 de decembro de 2014.

DECEMBRO DE 2014

SEXTA. Condición de exposición. As fotografias ou vídeos dos establecementos participantes subiranse a facebook (Facebook.com/Nadalamos) a partires do día 15 de decembro. Ata o 21 decembro toda persoa poderá votar a ambientación navideña que máis lle guste.

SÉTIMA: O período de votación será polo tanto entre o 15 e o 21 decembro e resultarán gañadores os establecementos coa ambientación que obteñan máis "Me gusta", determinando así o 1º, 2º ou 3º premio en cada unha das categorias.

OITAVA: O resultado do concurso farase público o día 22 de decembro na páxina web municipal. Terá lugar ademais unha recepción no Pazo de Raxoi en homenaxe aos premiados onde se lles fará entrega da figura "Compostrela".

NOVENA. Premios. Establécese un primeiro, segundo e tercer premio para cada unha das dúas categorías propostas (a saber: comercio e hostalería). Os premios consistirán nunha mención, especialmente deseñada para os distintos premios co nome de "Compostrela" e un "Pack promocional personalizado coa lenda do premio obtido e coma imaxe do establecemento gañador" consistente en tarxetas, bolsas, papel de agasallo e cinta de lazo decorativo (para comercio) e tarxetas, posavasos e manteis individuais (para hostelería).

DÉCIMA: O Concello exporá na web municipal unha mostra da ambientación presentada a concurso.

CIDADE DE SANTIAGO

IV CONCURSO DO NADAL DE AMBIENTACIÓN

DECEMBRO DE 2014